



ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA O DÍA 10 DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZA OITO POLA MESA DE AVALIACIÓN PARA PROCEDER Á CONSTITUCIÓN DA MESA DE AVALIACIÓN DO CONCURSO PÚBLICO PARA O OUTORGAMENTO DE 7 LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL TELEVISIVA DE TITULARIDADE PRIVADA DE ÁMBITO LOCAL (DOG NÚM. 153 DO 10 DE AGOSTO DE 2018)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Dona Mar Sánchez Sierra, Secretaria Xeral de Medios.

VOGAIS:

Don Guillermo Tato González, representante da Asesoría Xurídica Xeral.

Don Ignacio José Otero López, Subdirector Xeral de Enxeñería e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia.

Don Enrique González Murga, Subdirector Xeral de Réxime Xurídico

Dona Maria Nieves Domínguez Castro xefa de sección da Subdirección de Réxime Xurídico

SECRETARIA:

Dona María Pilar Louro García, funcionaria da Secretaria Xeral de Medios, que exerce as funcións de secretaria nesta Mesa actuando con voz pero sen voto.

En Santiago de Compostela, ás 9:30 do día dez de outubro de dous mil dezaioito, nas dependencias da Secretaria Xeral de Medios, no edificio administrativo de San Caetano, en cumprimento do establecido na cláusula décimo cuarta das bases que rexen o "*Concurso público para o outorgamento de 7 licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de titularidade privada de ámbito local*" constitúese a Mesa de Avaliación integrada polos membros que aparecen na marxe esquerda, segundo a composición establecida pola cláusula décimo terceira das bases.



Sendo as 9:30 horas, procedese á constitución da Mesa de Avaliación a cal se produce no prazo sinalado, dentro do mes seguinte á finalización do prazo de presentación das ofertas.

A secretaria fai mención expresa á data do anuncio do concurso no Diario Oficial de Galicia nº 153 do 10 de agosto de 2018, e do prazo establecido para a presentación de solicitudes (30 días a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no DOG), que rematou o día 10 de setembro de 2018 ás 14:00 horas. Seguidamente achega o certificado emitido pola funcionaria responsable do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, sito no Edificio Administrativo de San Caetano, no que se reflicte que non se presentaron ofertas ao dito procedemento.

Finalizadas a reunión e para deixar constancia de todo o acontecido, redáctase a presente acta que é asinada por todos os membros da Mesa de Avaliación, a data do dez de outubro de dous mil dezaoto

A Presidenta

Mar Sánchez Sierra

O representante da Asesoría Xurídica

Guillermo Tato González

O Vogal

Enrique González Murga

O Vogal

Ignacio José Otero López

O Vogal

María Nieves Domínguez Castro

A Secretaria

M^a Pilar Louro García